



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

**Mulleres, educación e
mercado de traballo**

Comparativa entre Grecia,
Italia e Portugal

Óscar Pallín Arias

Xuño 2016

Resumo

Este traballo céntrase na relación existente entre o nivel educativo das mulleres e a súa participación no mercado laboral. A análise lévase a cabo mediante modelos econométricos para tres países do sur de Europa como son Grecia, Italia e Portugal, incluídos no réxime de benestar mediterráneo. Para elo terase en conta, de xeito separado, a porcentaxe de mulleres con estudos de nivel secundario ou terciario, e por outra banda só a porcentaxe de mulleres con estudos de nivel superior. Os resultados obtidos poñen de manifesto que a educación ten un efecto positivo sobre a participación, corroborando as teorías sobre o impacto do capital humano no emprego e a revisión das achegas empíricas aplicadas a diversas zonas xeográficas. O percorrido que se presenta neste traballo vai dende unha perspectiva teórica ata chegar á modelización econométrica, pasando por unha parte descriptiva. Nesta última realízase unha comparativa da situación de variables referidas á educación e ao mercado laboral. Na primeira as mulleres amosan mellores porcentaxes. Na segunda atopamos diferenzas na ocupación de mulleres e homes nos mercados de cada un dos tres países. Destaca o sector servizos, máis feminizado, mentres que a industria e a construción son sectores máis masculinizados.

Para a realización deste traballo empregáronse un total de 9998 palabras.

Índice

Resumo	2
Índice	3
Índice de abreviaturas	5
Índice de táboas, gráficos ou figuras	6
Introdución	8
Planificación	11
Desenvolvemento do traballo	13
1 Marco teórico	13
1.1 A educación dende un punto de vista teórico	13
1.2 Educación e o emprego.....	15
1.3 Educación e emprego das mulleres	16
2 Desigualdades de xénero no nivel educativo e no mercado de traballo	17
2.1 Nivel educativo acadado	17
2.2 Diferenzas na ocupación laboral por xénero	23
3 Modelización econométrica do impacto da educación na participación laboral feminina	30
3.1 Antecedentes	30
3.2 Presentación do modelo	32
3.3 Análise de homoxeneidade nos parámetros	33
3.4 Resultados obtidos	34
Conclusións e ampliación	38

Bibliografía.....	40
Anexo	48

Índice de abreviaturas

Gr.: Grecia

It.: Italia

Po: Portugal

TAF: Taxa de actividade feminina

EDUSEC: Porcentaxe da poboación feminina con estudos secundarios e terciarios.

EDUTER: Porcentaxe da poboación feminina con estudos terciarios.

SCE: Suma dos cadrados dos erros.

S1: Suma de cadrados dos erros do caso 1

S2: Suma dos cadrados dos erros do caso 2

S3: Suma dos cadrados dos erros do caso 3.

GI: Graos de liberdade.

GI1: Graos de liberdade do caso 1.

GI2: Graos de liberdade do caso 2.

GI3: Graos de liberdade do caso 3.

Índice de táboas, gráficos ou figuras

GRÁFICA 1: PORCENTAXE DE POBOACIÓN MASCULINA CON POLO MENOS NIVEL DE ESTUDOS SECUNDARIOS.	17
GRÁFICA 2: PORCENTAXE DE POBOACIÓN MASCULINA CON NIVEL DE ESTUDOS TERCIARIO.	18
GRÁFICA 3: PORCENTAXE DE POBOACIÓN FEMININA CON POLO MENOS NIVEL DE ESTUDOS SECUNDARIOS.	19
GRÁFICA 4: PORCENTAXE DE POBOACIÓN FEMININA CON NIVEL DE ESTUDOS TERCIARIO.	20
GRÁFICA 5: PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES CON POLO MENOS ESTUDOS SECUNDARIOS EN GRECIA.	20
GRÁFICA 6: PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES CON POLO MENOS ESTUDOS SECUNDARIOS EN ITALIA.	21
GRÁFICA 7: PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES CON POLO MENOS ESTUDOS SECUNDARIOS EN PORTUGAL.	21
GRÁFICA 8: PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES CON ESTUDOS TERCIARIOS EN GRECIA.	22
GRÁFICA 9: PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES CON ESTUDOS TERCIARIOS EN ITALIA.	23
GRÁFICA 10: PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES CON ESTUDOS TERCIARIOS EN PORTUGAL.	23
TÁBOA 1: ÍNDICES XERAIS DO MERCADO DE TRABALLO EN GRECIA	24
TÁBOA 2: ÍNDICES XERAIS DO MERCADO DE TRABALLO EN ITALIA	24
TÁBOA 3: ÍNDICES XERAIS DO MERCADO DE TRABALLO EN PORTUGAL	24
TÁBOA 5: PRINCIPAIS SECTORES CON ALTA REPRESENTACIÓN FEMININA	27
TÁBOA 6: PRINCIPAIS SECTORES CON ALTA REPRESENTACIÓN MASCULINA	28
TÁBOA 7: PRINCIPAIS SECTORES CON ALTA CONCENTRACIÓN FEMININA	29
TÁBOA 8: PRINCIPAIS SECTORES CON ALTA CONCENTRACIÓN MASCULINA	30

TÁBOA 11: ESTIMACIÓN DA TAXA DE ACTIVIDADE FEMININA EN FUNCIÓN DA PORCENTAXE DE POBOACIÓN FEMININA CON ESTUDOS POLO MENOS SECUNARIOS.	35
TÁBOA 12: ESTIMACIÓN DA TAXA DE ACTIVIDADE FEMININA EN FUNCIÓN DA PORCENTAXE DE POBOACIÓN FEMININA CON ESTUDOS TERCIARIOS.	36
TÁBOA A.1: ÍNDICES DE PARTICIPACIÓN	49
TÁBOA A.2: ÍNDICES DE REPRESENTACIÓN	50
TÁBOA A.3: ÍNDICES DE CONCENTRACIÓN.....	51
TÁBOA A.4: ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN FEMININA EN PORTUGAL. DOUS DÍXITOS.....	52
TÁBOA A.5 : ÍNDICE REPRESENTACIÓN FEMININA EN PORTUGAL. DOUS DÍXITOS.....	53
TÁBOA A.6: ÍNDICE CONCENTRACIÓN FEMININE PORTUGAL. DOUS DÍXITOS.....	54
TÁBOA A.7: ÍNDICE PARTICIPACIÓN MASCULINE EN PORTUGAL. DOUS DÍXITOS	55
TÁBOA A.8: ÍNDICES REPRESENTACIÓN MASCULINA EN PORTUGAL. DOUS DÍXITOS.....	56
TÁBOA A.9: ÍNDICE CONCENTRACIÓN MASCULINA EN PORTUGAL. DOUS DÍXITOS	57
TÁBOA A.10: ÍNDICE PARTICIPACIÓN FEMININA EN ITALIA. DOUS DÍXITOS.	58
TÁBOA A.11: ÍNDICE DE REPRESENTACIÓN FEMININA EN ITALIA. DOUS DÍXITOS.....	59
TÁBOA A.12: ÍNDICE DE CONCENTRACIÓN FEMININA EN ITALIA. DOUS DÍXITOS.	60
TÁBOA A.13 : ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN MASCULINA EN ITALIA. DOUS DÍXITOS.	61
TÁBOA A.14: ÍNDICE DE REPRESENTACIÓN MASCULINA EN ITALIA. DOUS DÍXITOS.	62
TÁBOA A.15: ÍNDICE DE CONCENTRACIÓN MASCULINA EN ITALIA. DOUS DÍXITOS.	63
TÁBOA A.16: ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN FEMININA EN GRECIA. DOUS DÍXITOS.....	64
TÁBOA A.17: ÍNDICE DE REPRESENTACIÓN FEMININA EN GRECIA. DOUS DÍXITOS.....	65
TÁBOA A.18: ÍNDICE DE CONCENTRACIÓN FEMININA EN GRECIA. DOUS DÍXITOS.	66
TÁBOA A.19: ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN MASCULINA EN GRECIA. DOUS DÍXITOS.	67
TÁBOA A.20: ÍNDICE DE REPRESENTACIÓN MASCULINA EN GRECIA. DOUS DÍXITOS.	68
TÁBOA A.21: ÍNDICE DE CONCENTRACIÓN MASCULINA EN GRECIA. DOUS DÍXITOS.....	69

Introdución

Nos últimos tempos, a participación feminina está a ter un peso cada vez maior no mercado laboral, feito que leva a moitos investigadores e investigadoras a analizar os cambios que favorecen esta tendencia. Mostra disto atopámola en Pfau-Effinger (2000), Robinson Tomes (1985) para o caso de Canadá, Novales e Mateos (1990) e García e Suárez (2003) para o caso de España, Muñoz D'Albora (1988) para Chile, Miller Moya (2004) para países europeos ou Abramo e Valenzuela (2006) para América Latina.

Non entanto, esta situación prodúcese de xeito desigual nas diversas economías a nivel internacional. As raíces culturais son un factor clave á hora de explicar que os países teñan distintas condutas no tocante ao comportamento da participación feminina no mercado laboral. Moitas analistas indican que a integración laboral dáse de xeito distinto dependendo dos réximes sociais vixentes, non teñen as mesmas tendencias aqueles estados de benestar socialdemócratas, que outros nos que a familia ten un poder maior, por tradición e herdanza cultural (Mínguez 2005).

A existencia destes marcos contextuais, ten a súa influencia nas decisións que toman as mulleres de acceder ou non ao mercado laboral. Unha análise das distintas contornas e as súas consecuencias sobre o comportamento feminino na sociedade, e por tanto na economía, obsérvase no traballo de Esping-Andersen (1990) que indica que no mundo occidental predominan tres tipos de réximes de benestar distintos. Un sería o modelo liberal, vixente, por exemplo, nos Estados Unidos, outro é o modelo socialdemócrata ou escandinavo e por último atópase o modelo conservador, ambos predominantes en Europa.

Ademais, nos países do sur de Europa, pódese reparar tamén na vixencia do modelo de benestar mediterráneo, que abrangue países como Portugal¹, Grecia e Italia. Este modelo provoca importantes cambios e restricións na estruturación laboral da familia (Migliavacca 2010, OECD 2008). O Estado de Benestar de estes países destaca pola súa debilidade nos servizos sociais, así como o gran peso das contraprestacións monetarias e unha baixa oferta de servizos que se poden considerar incluídos no ámbito dos cuidados (Rodríguez Enríquez 2015). Isto implica que para manter o benestar da familia e permitir a realización de actividades cotiás, alguén se ten que encargar de prover eses cuidados, e na maioría dos casos son as mulleres. Neste modelo, ten un gran peso a familia tradicional, na cal tíñase ao home como sustentador económico da familia, mentres que a muller aportaba os servizos e cuidados básicos e vitais para o bo funcionamento desta (Moreno 2006). Co paso do tempo fóronse dando cambios nestas sociedades, que se ven reflectidos en certos datos como pode ser o aumento das familias monoparentais ou monomarentais, aínda que sen chegar aos niveis dos países do centro e norte de Europa.

Todo isto ten as súas connotacións no mercado de traballo, xa que as mulleres de estes países, atendendo aos datos das horas traballadas, están sometidas a longas xornadas, e boa parte de elas son horas non remuneradas. Isto é debido a que as tarefas de cuidados que realizan fóra do mercado, non están suxeitas a valoración mercantil, e por tanto, son moitas veces esquecidas nas análises económicas e sociais que se fan dende moitos ámbitos (Carrasco 2010).

En consecuencia, no presente traballo propónse unha análise entre tres países pertencentes ao citado Estado de Benestar Mediterráneo, que son Grecia, Italia e Portugal. Nos tres casos, a poboación feminina supera á masculina, no caso grego e italiano representando o 51.5% da poboación total cunha poboación total de 11 millóns no primeiro caso, e 60 no segundo, e no caso portugués, o 52.5%, con poboación total de entono aos 10 millóns de persoas segundo os datos oficiais obtidos na fonte estatística do Eurostat para o ano 2015.

Consta de tres partes diferenciadas. Na primeira parte expónse unha síntese teórica entre as variables que se empregan posteriormente no modelo, mentres que na segunda parte, lévase a cabo unha análise descriptiva dos datos referidos á educación e ao mercado laboral de cada un dos tres países. Por último, un terceiro capítulo no cal se estima o modelo econométrico de panel escollido para analizar o efecto da educación na participación feminina en Grecia, Italia e Portugal. Os obxetivos

¹ Portugal, a pesar de non estar bañada polo mar Mediterráneo tamén é considerada neste grupo polas súas características históricas e culturais comúns

principias son: observar que grao de importancia ten a educación das mulleres á hora de analizar a súa participación no mercado laboral, así como decatarnos de que nivel de desigualdades de xénero se dan mediante os datos e o cálculo de indicadores referidos ás variables empregadas no presente traballo.

Planificación

Decembro

Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Xaneiro

Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Febreiro

Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29						

Marzo

Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Abril





Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Maio

Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Xuño

Lu	Ma	Mi	Xo	Ve	Sa	Do
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

	Revisión bibliográfica , búsqueda de datos e proba de modelos econométricos.
	Redacción do traballo.
	Titorías.
	Entrega do traballo á titora.

Desenvolvemento do traballo

1 Marco teórico

No mercado laboral, e en especial na participación feminina neste, a educación xoga un papel clave. Existen numerosos traballos nos que se indica que a educación, como medida do capital humano, é un factor determinante para a ocupación das persoas no mundo laboral, e un factor de impulso á hora de tomar a decisión para entrar a formar parte da poboación economicamente activa. Mostra disto, particularmente para o caso das mulleres, atopámola nos traballos de Bover e Arellano (1995), Killingsworth e Heckman (1986), de Pablos Escobar (2004) ou Novales e Mateos (1990).

En consecuencia cos resultados que se observan e as conclusións que se sacan dos citados artigos, neste punto pódese atopar un factor de diverxencia para os países do sur de Europa que forman parte da nosa análise con respecto aos países desenvolvidos da súa zona. Polo tanto, nesta primeira parte levarase a cabo unha revisión teórica sobre a educación e as súas relacións co mercado laboral en xeral, e no caso feminino en particular.

1.1 A educación dende un punto de vista teórico

O capital humano ten unha gran relevancia na economía e no seu crecemento. Dito concepto pódese entender como unha acumulación de capacidades que unha persoa vai adquirindo a través da súa educación e formación. En consecuencia, a educación é un factor relevante á hora de tratar de analizar os factores de crecemento. A teoría económica comezou a deterse neste factor xa avanzado o século XX, a pesar de que nos anos anteriores, diversas correntes e pensadores foron facendo

apreciacións ao respecto da educación e a formación que tiñan e recibían as persoas que estaban empregadas coma factores produtivos. Estas ideas teñen o seu percorrido dende os mercantilistas, quen consideraban imprescindible a educación para lograr o crecemento económico que buscaban, pasando polas achegas de Adam Smith, quen consideraba a educación no grupo dos bens superiores, isto é, aqueles que aportan uns beneficios maiores os custes nos que se incurren para conseguilos. Mesma liña seguiu Stuart Mill que falaba dunha relación directa entre a educación das persoas e a riqueza da sociedade. Clásicos coma Senior, defensores a ultranza do liberalismo e o “laissez-faire”, tamén chegaron á conclusión de que se precisaba a intervención estatal no tema da educación para que as familias e as persoas tomasen as decisións correctas neste senso.

Os primeiros estudos que se realizan tratando de explicar a influencia do capital humano na economía son análises de correlación entre a educación e o crecemento económico, e chegan da man de Denison (1967), que se centra nos casos de Estados Unidos e Europa e de Jorgenson (1984) tamén para o caso norteamericano.

Xa cara finais do século pasado é cando se da un maior afondamento nesta temática. Autores coma Becker (1964) seguen os enfoques que xa propuxeran autores coma Walsh en 1935, que manteñen que as familias toman o gasto en educación coma unha inversión de cara ao futuro, mentres que outros coma Marshall terían un punto de discrepancia xa que non ven a educación coma unha inversión, senón que a toman coma unha externalidade, a pesar da importancia que lle outorga.

Schultz (1961) tamén defendía a importancia do capital humano, basándose no caso americano no cal, as taxas de crecemento que se daban eran moito maiores que as que tiñan os factores empregados, polo que debía haber outro factor que explicase estas tendencias. Na súa opinión só podían ser causadas ou ben polas economías de escala que puidesen existir, ou ben polo Capital Humano que provocase unha elevación da calidade dos factores empregados, é dicir, que mellorase a produtividade dos traballadores, grazas á formación e á educación acumulada.

Posteriormente chegará a teorización e modelización sobre esta temática. Destaca, por unha parte, o traballo realizado en 1988 por Robert Lucas, “On the mechanics of economic development” onde busca ampliar o modelo de crecemento neoclásico engadindo como factor o Capital Humano. Afirmar que este terá dous efectos distintos. Un primer efecto interno, xa que actuará como un potencializador da produtividade, é dicir, aumentará a produtividade das persoas empregadas, mentres que un segundo efecto sería externo, afectando positivamente a produtividade do resto de factores empregados na produción. Neste modelo emprega a simplificación de contabilizar a todas as persoas coma idénticas, ca mesma acumulación de capital, pero isto a súa vez é un avance con respecto aos modelos anteriores, como pode ser o

de Uzawa (1961), xa que engade o capital humano coma un factor diferente ao avance tecnolóxico, e non coma un mero actor explicativo deste, como os modelos predecesores.

Por outra banda, tamén destaca no ano 1992, a revisión que Mankiw, Romer e Weill elaboraron do modelo de crecemento neoclásico de Solow, tentando engadir un factor explicativo do capital humano. Esta ampliación do modelo servirá de base para posteriores investigacións.

Chegando máis cara a actualidade, na década dos 80 e 90 consolídase como corpo de análise a Economía da Educación, que estuda as consecuencias económicas que supoñen os procesos educativos.

Dende a econometría sucedéronse numerosos enfoques para analizar empiricamente estas teorías. Nelson e Phelps (1966), uns dos precursores destes enfoques, advertiron da existencia de dúas formas de expresar as variables de capital humano, como son a expresión mediante efecto taxa, ou mediante efecto nivel, xa que afirman que incluílo coma un factor de produción máis sería un erro.

En Neira (2003) pódese atopar unha escolla bibliográfica de diversos autores que realizaron modelos econométricos con estas variables, nas dúas formas das que falaban Nelson e Phelps.

Entre os modelos que empregaron as variables como efecto nivel, atópanse os de Barro (1991) e (1997), Mankiw, Romer e Weill (1992) e Noneman e Vanhoudt (1996) quenes empregaron como variables para expresar o capital humano, os anos de escolarización da poboación activa ou a porcentaxe de poboación con estudos secundarios. Nos dous primeiros casos, obteñen efectos positivos do capital humano sobre a converxencia dos países e o seu crecemento, mentres que no terceiro modelo, apréciase como esta variable perde peso en favor da tecnoloxía á hora de explicar as tendencias crecentes da produción dos países.

No tocante aos modelos que empregan estas variables en efecto taxa, obsérvanse os traballos de Romer (1990), Kyriacou (1991) e Benhabid e Spiegel (1994), que realizaron as estimacións con variables como as taxas de alfabetización da poboación ou os anos de escolarización da poboación activa para referirse ao capital humano, obtendo conclusións positivas dos efectos de estas variables, no resto de factores e no crecemento económico dos países analizados.

1.2 Educación e o emprego

A dificultade de relacionar ambos conceptos radica na heteroxeneidade das estruturas dos mercados laborais, é dicir, existen diversas ocupacións e sectores, que

requiren distintos procesos de formación e acumulación de capital humano, porque a realización de estas tarefas serán distintas entre si.

Da educación espéranse efectos positivos sobre as taxas de actividade e de emprego, xa que para unha persoa que adquirise un maior nivel educativo, e que invertise na súa formación persoal para competir no mercado, mellorando a súa posición inicial na busca de emprego, o custe de oportunidade de permanecer inactivo será maior. Tamén se espera que a maiores niveis educativos acumulados ó longo da vida laboral, aumenten as posibilidades de competir e acadar postos de traballo que acarreen maiores ingresos e mellores condicións laborais (Barceinas et al 2000, Mincer 1974, Card 1994).

No campo da modelización de estas ideas, existen varios traballos (Spence 1973, Arrow 1973, Stiglitz 1979) nos cales, se conclúe que o nivel educativo plasmado nunha titulación exerce coma unha sinal no mercado de traballo para os empresarios á hora de contratar. Asímesa unha produtividade potencial, non inicial. Nos mercados poden darse problemas de información, polo cal, as titulacións xogarán o papel de sinalizadoras e dotaran de información obxectiva aos oferentes de emprego. Estes buscarán contratar aqueles factores produtivos que lle aporten unha mellora na calidade e na cantidade de produción.

1.3 Educación e emprego das mulleres

Coma se aprecia, un maior nivel educativo sitúa ás persoas en mellores posicións de cara a conseguir un posto de traballo, e eleva a súa participación laboral. Este feito, na poboación feminina ten un efecto maior que na masculina, e ademáis ten outras consecuencias, e é que ten relación co descenso das taxas de fertilidade, que a súa vez, tamén incrementan a participación laboral feminina, xa que outorgan maior liberdade e autonomía (Lamelas, Aguayo e Neira 2003, Bbaale 2011, Behrman 1996).

Nunha liña similar á das limitacións que poden exercer as estruturas familiares sobre a autonomía e a participación das mulleres, Ostry (1968) realiza unha análise para o caso canadense, no que ten en conta o comportamento das mulleres casadas. Conclúe que, a un maior nivel educativo das mulleres, retrásase a idade media dos casamentos, e polo tanto, a fertilidade diminúe. Do mesmo xeito, as mulleres comezan antes a súa carreira laboral, e este feito fai que, unha vez comecen a traballar antes de casarse, aumenten as probabilidades de que continuen con ela despois do enlace (Wainerman 1979).

Outra explicación aos aumentos na participación é que a maior nivel de estudos, conseguírase, a priori, mellores traballos, con mellores salarios, mellores horarios e maior flexibilidade, o que atrae a máis xente ó mercado laboral (Pantelides 1976). A pesar disto, no mercado existe un teito de cristal, polo cal, ao mesmo, ou,

nalgúns casos, superior nivel educativo e formativo, os altos cargos son ocupados na súa ampla maioría por homes, e non por mulleres (Roldán, Leyra e Contreras 2012, Barberá 2003, Bustos 2002).


2 Desigualdades de xénero no nivel educativo e no mercado de traballo

Neste segundo capítulo, compararanse unha serie de datos relacionados coas variables que serán empregadas na seguinte sección para estimar o modelo econométrico co fin de observar as desigualdades que se dan entre homes e mulleres nos niveis educativos e no mercado laboral.

2.1 Nivel educativo acadado

Neste apartado comparamos o nivel educativo acadado tanto por homes como por mulleres, tendo en conta os niveis secundarios e terciarios. A finalidade é observar o grao de diferenza que existe entre ambos grupos de persoas nos países obxecto de estudo.

Gráfica 1: Porcentaxe de poboación masculina con polo menos nivel de estudos secundarios.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Na gráfica 1 obsérvase como a tendencia na porcentaxe de poboación masculina con polo menos estudos de nivel secundario ten un comportamento de crecemento paulatino, ca excepción dos primeiros anos en Portugal. Esta, a partir da

entrada no século actual comeza a ter un crecemento maior ca Grecia e Italia. É no caso grego onde se observa unha maior porcentaxe de homes que alcanzaron este nivel de formación.


Gráfica 2: Porcentaxe de poboación masculina con nivel de estudos terciario.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Na gráfica 2, apréciase como no caso da porcentaxe de poboación masculina que alcanzou o nivel terciario de estudos, Grecia segue sendo quen mellores datos e comportamento amosa. Italia ten un crecemento practicamente constante ao longo do período. Mentres Portugal, de novo amosa un comportamento nulo e mesmo decrecente nos primeiros anos, para despois ter un crecemento maior có italiano, e chega a superar os niveis de este último a partir do ano 2010.


Gráfica 3: Porcentaxe de poboación feminina con polo menos nivel de estudos secundarios.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Para o caso da poboación feminina, nótase na gráfica 3, como a porcentaxe de esta que acadou estudos de nivel secundario e superior tivo unhas tendencias crecentes nos tres países, agás nos primeiros anos estudados en Portugal. Grecia volta a ser a que maiores porcentaxes amosa e Portugal a que menos.


Gráfica 4: Porcentaxe de poboación feminina con nivel de estudos terciario.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat


A gráfica 4 amosa a primeira discordancia coas gráficas anteriores. Na porcentaxe de mulleres con niveis de estudos terciarios Portugal parte e remata en valores próximos aos gregos, a pesar de nos primeiros anos do período decrece a porcentaxe. Cara aos anos actuais, o seu crecemento superou ao do caso helénico. Italia, que creceu de xeito case constante, é o país que amosa niveis máis baixos dos tres.

Gráfica 5: Porcentaxe de mulleres e homes con polo menos estudos secundarios en Grecia.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Gráfica 6: Porcentaxe de mulleres e homes con polo menos estudos secundarios en Italia.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Gráfica 7: Porcentaxe de mulleres e homes con polo menos estudos secundarios en Portugal.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Nas gráficas 5, 6 e 7, apréciase como a porcentaxe de mulleres e homes con estudos de nivel secundario ou superior, tanto en Grecia coma en Italia son similares, sendo lixeiramente superior a porcentaxe feminina na actualidade. Esta superioridade na porcentaxe obsérvase de xeito máis nítido no caso portugués, no cal, as mulleres ao longo do período analizado mostran uns datos superiores aos do caso masculino.


Por outra banda, as gráficas 8, 9 e 10 amosan estas porcentaxes no caso da poboación que acadou estudos de nivel terciario para cada un dos dous xéneros. Grecia e Italia, de novo, mostran tendencias similares. Nos dous casos, a porcentaxe feminina parte de niveis inferiores á masculina, pero tivo un crecemento moito maior, sobre todo no caso italiano, que na actualidade amosa unha gran diferenza entre ambos xéneros. Portugal, pola súa banda, ten unha porcentaxe de mulleres con estudos superiores maior que a masculina. Esta diferenza mesmo se amplía co paso do tempo.

Gráfica 8: Porcentaxe de mulleres e homes con estudos terciarios en Grecia.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Gráfica 9: Porcentaxe de mulleres e homes con estudos terciarios en Italia.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Gráfica 10: Porcentaxe de mulleres e homes con estudos terciarios en Portugal.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

2.2 Diferenzas na ocupación laboral por xénero

Neste segundo punto, adicado á comparativa de datos relacionados cos mercados laborais de cada un dos países presentamos un panorama da situación xeral dos tres países analizados, plasmado nos datos que mostran as táboas 1, 2 e 3. Posteriormente analízanse as desigualdades que se observan na ocupación de homes e mulleres.

Táboa 1: Índices xerais do mercado de traballo en Grecia

	2008		2014	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Taxa actividade	55	78,5	59	76
Taxa emprego	48,6	74,4	41,1	58
Taxa desemprego	11,5	5,1	30,2	23,7

Fonte: Eurostat

Táboa 2: Índices xerais do mercado de traballo en Italia

	2008		2014	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Taxa actividade	51,6	74,3	54,4	73,6
Taxa emprego	47,2	70,2	46,8	64,7
Taxa desemprego	8,5	5,5	13,8	11,9

Fonte: Eurostat

Táboa 3: Índices xerais do mercado de traballo en Portugal

	2008		2014	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Taxa actividade	68,9	79,3	70	76,7
Taxa emprego	62,5	73,8	59,7	65,8
Taxa desemprego	9	8,6	14,5	13,8

Fonte: Eurostat

Nun sentido amplo, destaca nos tres países o aumento da participación feminina, en contraste coa diminución masculina. Por outro lado, tanto na taxa de emprego coma na de desemprego, ambos casos seguen a mesma tendencia, unha caída do emprego e aumento da taxa de desemprego. Nas tres taxas, os datos sempre amosan unha peor situación para a parte feminina da sociedade, menor actividade, menor emprego e maior desemprego que os homes.

Nas seguintes liñas, realízase unha comparativa entre a situación que se da en Grecia, Italia e Portugal, e entre xéneros, para observar cales son aqueles sectores que están máis masculinizados e aqueles que están máis feminizados, e se houbo algún cambio salientable entre 2008 e 2014.

Para isto comezamos co cálculo de tres indicadores de xénero, seguindo de modelo o traballo de Cáceres et al (2004).

O primeiro indicador é o de participación (táboa A.1). Calcúlase tomando o cociente entre as persoas dun mesmo xénero empregadas no sector i e o total de

empregados neste, tomando o resultado en tantos por cento. Isto indicará o número de mulleres que están empregadas en dito sector.

O segundo indicador é o de representación (táboa A.2), que será resultado do cociente entre a porcentaxe de empregados dun mesmo xénero no sector i , e a porcentaxe de persoas empregadas dese mesmo xénero no emprego total. O resultado interprétase en función de se é superior a 1, indicando unha sobrerrepresentación, ou inferior a 1, froito dunha infrarepresentación.

O terceiro é o de concentración (táboa A.3), indicando a porcentaxe de emprego do colectivo estudado situado no sector i .

No caso da participación feminina, pódense observar coincidencias en certos sectores, nos que a participación das mulleres supera o 50% (táboa 4). Nos tres países, destacan os sectores da educación, con valores superiores ao 60% no caso grego, e do 70% para Italia e Portugal, das actividades sanitarias, que chega a superar o 80% no caso portugués, das actividades do fogar como empregadores e da categoría de outros servizos. Isto último débese en particular ás actividades incluídas nos servizos persoais, é dicir, lavandería, perruquería ou actividades de mantemento físico entre outras, superando o 70%, mesmo rozando o 90% en Portugal. Cabe destacar, que o único sector no que nos tres países aumentou a participación feminina foi no da educación, permanecendo constante ou mesmo descendendo no resto de sectores. No plano particular, en Grecia tamén destacan as actividades financeiras e de seguros, en Italia e Portugal o sector da hostalería, e neste último tamén as actividades profesionais, técnicas e científicas, debido, sobre todo, a participación nas actividades xurídicas e de contabilidade, con máis dun 70% de participación

Táboa 4: Principais sectores con alta participación feminina

	2008	2014
Educación.		
Grecia	64,30	65,53
Italia	74,89	75,06
Portugal	77,15	78,04
Actividades sanitarias e de servizos .		
Grecia	66,95	65,50
Italia	70,11	70,48
Portugal	84,21	82,39
Actividades dos fogares como emple		
Grecia	96,16	95,14
Italia	89,23	85,23
Portugal	98,92	97,83
Outros servizos.		
Grecia	59,52	40,48
Italia	63,10	36,90
Portugal	73,47	26,53

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Isto indica, que a participación masculina predomina no resto de sectores como a agricultura, gandería, silvicultura e pesca ou a industria extractiva. Destacan, no caso grego, a maior participación no sector hostaleiro, ao contrario que Italia e Portugal. Por outra banda, en Portugal prodúcese entre o ano 2008 e 2014 un cambio considerable na participación de ambos xéneros na agricultura, gandería, silvicultura e pesca, xa que, no 2008 tiña maior peso a participación feminina, e no 2014 a masculina. Este fenómeno ven explicado case na súa totalidade no cambio que se produciu nas actividades gandeiras e agrícolas.

Se a análise se detén no índice de representación, móstranse, para o caso feminino, valores superiores á unidade nos sectores da hostalería, das actividades inmobiliarias, as actividades profesionais, artísticas e científicas, para o caso grego tamén as actividades financeiras e de seguros, ao igual que Italia que ademais supera a unidade nas actividades administrativas e servizos sociais. Para o caso dos sectores da educación, dos servizos sanitarios e sociais, do sector que abrangue outros servizos, e as actividades do fogar (táboa 5), alén de superar a unidade, superan o 1,25², o que

2 Nivel que se escolle no traballo de Cáceres (2004) e en diversos traballos que recolle Anker (1998)

nos indica que son actividades feminizadas. Destaca a sobrerrepresentación feminina nas actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico, que a pesares de reducirse no período dado, segue a ter un nivel moi alto. En contraste a estes datos, os valores máis baixos no indicador de representación feminino atópanse no sector da construción.

Táboa 5: Principais sectores con alta representación feminina

	2008	2014
Educación.		
Grecia	1,61	1,56
Italia	1,85	1,78
Portugal	1,65	1,59
Actividades sanitarias e de servizos .		
Grecia	1,68	1,56
Italia	1,73	1,67
Portugal	1,80	1,68
Actividades dos fogares como emple		
Grecia	2,41	2,26
Italia	2,20	2,02
Portugal	2,11	1,99
Outros servizos.		
Grecia	1,49	1,38
Italia	1,56	1,49
Portugal	1,57	1,49

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Fixándose na parte masculina do mercado laboral (táboa 6), obsérvase como as actividades incluídas no sector das industrias extractivas, manufactureiras, agás Portugal, no abastecemento de auga e as actividades relacionadas, no sector da construción, no transporte e almacenamento son sectores masculinizados.

Táboa 6: Principais sectores con alta representación masculina

	2008	2014
<i>Industrias extractivas.</i>		
Grecia	1,47	1,62
Italia	1,46	1,56
Portugal	1,73	1,82
<i>Construcción</i>		
Grecia	1,62	1,64
Italia	1,58	1,62
Portugal	1,80	1,85
<i>Transporte e almacenamento.</i>		
Grecia	1,41	1,44
Italia	1,35	1,38
Portugal	1,55	1,61

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

Observando a tendencia entre ambos anos analizados, resulta curioso ver como, nos sectores masculinizados, a excepción do sector de abastecemento da auga, actividades de saneamento, xestión dos residuos e descontaminación, no resto de sectores o índice de representación aumentou. Cabe sinalar tamén os valores moi baixos que se dan nos traballos domésticos por conta allea.

Poñendo o foco nos resultados para a clasificación de actividades a dous díxitos³ para cada país, obsérvase que, no caso de Portugal, as actividades máis feminizadas son a confección de pezas de vestir, asistencia nos establecementos residenciais, servizos sociais sen aloxamento, servizos persoais e destacan sobre o resto as actividades do fogar como emperadores de persoal doméstico, superando o 2,10 no ano 2008, descendendo a pouco menos de 2 no 2014. No caso dos traballos masculinizados, destacan a pesca e acuicultura, construción de edificios e enxeñería civil, en todos os casos superando o 1,7.

O caso italiano é moi similar. A destacar está o pronunciamento da feminización das actividades de asistencia nos establecementos residenciais, e os servizos sociais sen aloxamento, superando tamén o valor de 2, no 2008, manténdose por enriba no 2014 no segundo caso, e descendendo ao 1,87 no primeiro. O caso grego segue un comportamento similar, destacando a forte feminización das actividades de

3 Os resultados obtidos para as actividades a dous díxitos ofrécense no anexo deste traballo.

veterinaria no ano 2008, alcanzando o 1,99, reducíndose ata converterse nunha actividade integrada no ano 2014.

Por último, os sectores que concentran un maior traballo feminino nos tres países son o comercio ao por maior e por menor, e a educación (táboa 7). No plano individual, Grecia destaca por ter unha importante concentración no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, mentres que Italia e Portugal tamén destacan na industria manufactureira e nas actividades sanitarias e de servizos sociais. A maior concentración para o ano 2008 no caso grego e italiano dáse no sector do comercio, cun 19,94% e un 15,04%, mentres que no caso portugués dáse no sector manufactureiro cun 15,96%. Para o ano 2014 os tres países coinciden no sector comercial de venda ó por maior e por menor, cun 17,63% para Grecia, 14,21% para Italia e 14,95 para Portugal, máis concretamente naquelas que exceptúan a venda de vehículos e motocicletas.

Táboa 7: Principais sectores con alta concentración feminina

	2008	2014
Comercio o por maior e o por menor		
Grecia	19,94	17,63
Italia	15,04	14,21
Portugal	14,55	14,95
Educación.		
Grecia	11,47	12,91
Italia	12,87	12,14
Portugal	11,66	13,24

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

No caso masculino (táboa 8), o traballo concéntrase nos sectores manufactureiros, da construción e do comercio ao por maior e ao por menor, reparación de vehículos de motor e motocicletas. Destacar a forte caída dos niveis de concentración masculina no sector da construción entre o ano 2008 e 2014, agás en Italia, que tiña o nivel máis baixo dos tres, Grecia e Portugal vírono reducido á metade, tras o auxe inmobiliario que sufriron estes países e o forte peso que tiñan nos anos anteriores.

Táboa 8: Principais sectores con alta concentración masculina

	2008	2014
<i>Industria Manufactureira.</i>		
Grecia	14,48	11,08
Italia	24,04	23,75
Portugal	19,72	19,94
<i>Construción</i>		
Grecia	14,16	7,11
Italia	13,45	10,83
Portugal	20,10	11,88
<i>Comercio o por maior e o por menor</i>		
Grecia	17,23	17,90
Italia	14,71	14,51
Portugal	15,60	15,27

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat

A modo de apuntamento final, obsérvase que o emprego nos sectores servizos, asistencia sanitaria e social, comercio, educación, e produción do fogar son aqueles nos que se pode atopar unha maior presenza feminina, en contraste coa súa participación no sector industrial, salvo algunha actividade concreta, onde predomina a poboación masculina. En consecuencia, pódese concluír que existe unha discriminación e separación de xéneros segundo as actividades e os sectores da economía destes tres países.

3 Modelización econométrica do impacto da educación na participación laboral feminina

3.1 Antecedentes

Como paso previo á realización do modelo, realizouse unha esolla bibliográfica, co fin de analizar que variables se inclúen para estudar o impacto da educación na determinación da participación feminina en diversos traballos, ver de que xeito se plasman estas variables nos diversos modelos e observar as conclusións e os resultados que extraen os autores dos mesmos.

Pódese apreciar un resumo destas obras e as principais variables empregadas nas súas estimacións no seguinte cadro:

Autoría	Países estudados	Variable endóxena	Variable explicativa	Conclusións
Aguayo e Lamelas (2011)	México	Ocupación de homes e mulleres por separado	Anos promedio de escolarización	Efecto positivo e significativo, maior no caso feminino
Bbaale (2011)	Uganda	Participación no mercado laboral	Educación por distintos niveis	Efecto positivo e significativo, sobre todo nos niveis secundarios en adiante
Bover e Arellano (1995)	España	Participación laboral feminina.	Nivel educativo das mulleres secundario e universitario	Resultados positivos e significativos para os niveis universitarios, non así para os secundarios
Novales e Mateos (1990)	España	Participación e emprego femininos	Mulleres con estudos medios ou superiores	Resultados significativos de que o nivel de educación inflúe na participación
Psacharopoulos e Tzannatos (1987)	136 países	Participación laboral feminina	Años de carreira educativa	Resultados positivos da educación
Tansel (2002)	Turquía	Participación feminina	Porcentaxe de mulleres graduadas en estudos secundarios. Porcentaxe de mulleres cursando ditos estudos. Media de anos de carreira.	Resultados positivos e significativos para as porcentaxes, non significativos para a media de anos da carreira educativa.

